

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria urgente

Motivo: «Toma de posesión coma concelleiro de Jorge Gregorio Vaqueiro»

Data:

11 de abril de 2024

Duración:

Desde las 20:27 hasta las 21:02

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ



***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***6851**	Verónica Tourón Domínguez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcadesa: Este pleno extraordinario urxente débese que no día de onte chegou da Xunta Electoral Central a acta para a toma de posesión do novo Concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para que poida tomar posesión antes do pleno extraordinario que imos celebrar a continuación faise necesario que tome posesión neste pleno extraordinario urxente, primeiro votamos a urxencia da sesión.

Sometida a votación a urxencia da sesión de conformidade co sinalado no art. 79 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Pleno por **UNANIMIDADE de TRECE votos a favor** acorda aprobar a urxencia da sesión.

A) PARTE RESOLUTIVA

Toma de posesión como concelleiro de Jorge Gregorio Vaqueiro.

Pola **Sra. Secretaria conforme ao** artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/as concelleiros/as electos, procédese a toma de do xuramento ou promesa ao Sr. Gregorio Vaqueiro, utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula par a toma de posesión de cargos e función públicas.

O Sr. Gregorio Vaqueiro Promete o cargo de Concelleiro e toma posesión do mesmo.

Sr. Rodríguez Davila: Darche a benvida, Xurxo, e esperemos e confiamos que a túa labor xunto coa dos demais sexa en prol e en beneficio de todos os salcedenses. Seguro que a política vai ter momentos non gratos, como nos pasa a todos, pero tamén ten momentos bonitos e merece a pena dedicarse nos tempos que un pode a representar aos veciños na Corporación Municipal, a todos e cada un dos salcedenses porque aquí estamos todos os que tivemos a confianza nas urnas nas eleccións municipais e polo tanto representamos todos nós a cada un dos veciños. Dámosche a benvida en nome de este Grupo maioritario da Corporación, PP, sorte e esperamos chegar a acordos polo ben dos veciños.

Sr. Rodríguez Canosa: Dar a benvida a Xurxo como novo Concelleiro, alégrome de que este aquí e estou seguro de que é unha persoa que ven para aportar, para intentar facer Salceda de Caselas un pouquiño mellor, todos os meus desexos e boa sorte neste andaina.



Sra. Tourón Domínguez: Para min é un pracer ter aacompañeiro Xurxo formando parte desta Corporación, sei que vai a facer a súa labor en representación da veciñanza e traballar polo interese da veciñanza como xa leva feito dende outros colectivos e dende outros posto. O que lle digo a cada Concelleiro e Concelleira, non só do PSOE senón todos e todas os que nos vamos incorporando a vida política, que teña moitos acertos porque os acertos non serán so del, nin do PSOE, senón serán acertos para a Corporación pero sobre todo para a veciñanza. Benvido e grazas.

Sr. Guerra García: Parabéns Xurxo pola túa toma de posesión, agardamos de ti o mellor a prol dos veciños e veciñas de este Concello.

Declaración institucional en relación á implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa no Concello de Palas de Rei

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcadesa: O motivo de traelo a esta sesión extraordinaria urxente e non á seguinte sesión é porque xa estaba convocada e é unha cuestión de prazos, os prazos para alegación rematan o 17 de abril polo que non chegabamos a tempo no pleno ordinario. Dou lectura a mesma:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Os Grupos Municipais Movemento Salceda, PSdeG-PSOE e o Grupo Mixto - BNG elevan ao pleno do Concello de Salceda de Caselas a seguinte declaración institucional sobre a implantación en Galicia dunha nova factoría de transformación de celulosa.

O Diario Oficial de Galicia do 4 de marzo de 2024 publica o ANUNCIO do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

Consideramos que con este proxecto resultarán gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes. Así mesmo afectará ás augas e á atmosfera, ao envelenar con elevadas cantidades de compostos químicos o río Ulla e emitir gases contaminantes que por acumulación estragarían cultivos e afectarían directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da zona, sumando desvalorización das terras e consolidando o despoboamento.

Preténdese instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 Toneladas ao ano de CELULOSA solúbel, e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCELL, unhas 200.000 Toneladas ao ano. Polas verqueduras que se estiman no proxecto, e debido ao estado do encoro de Portodemouros, a 1,5 km do punto de verquido, será unha industria



contaminante de augas, e a súa fabricación requerirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado có transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 360 ha, destruíndo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas, destacando tres delas, catalogadas en perigo de extinción en Galicia: Armeria merinoi, Santolina melidensis e Leucanthemum gallaecicum, endemismos estritos das serpentinas do centro de Galicia.

A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardar de promedio en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Hai que salientar que máis do 65% da auga volverá ao río tratada, con químicos, pero contaminada, deteriorando aínda mais a calidade da auga ao longo do río Ulla e que esta contaminación chegaría á ría de Arousa, que xa de por si ten problemas de contaminación.

Polo tanto, esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible depredadora dos nosos recursos, que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga, e que destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un gran impacto na zona onde se pretende implantar.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas posiciónase en contra do proxecto promovido por Greenfiber S.L. na comarca da Ulloa polos motivos expostos anteriormente, e anima á veciñanza que así o desexe a presentar as alegacións oportunas mediante o rexistro municipal do Concello de Salceda de Caselas antes do 17 de abril."

Sr. Rodríguez Davila: A pena é que durante a crise sufrida e que sufriron os veciños de Salceda ademais de todos os galegos e españois nos últimos tempos, non trouxeran vostedes ningunha iniciativa en defensa dos salcedenses para custear o prezo da luz que naquel momento tiveron que soportar, dos carburantes, dos alimentos, das hipotecas, esas cousas que lle afectan ao día a día aos salcedenses a vostedes iso non lles importa, pero si lles importou fai tempo atrás facer moitas camisetas populistas para non aplicar ningunha resposta ao que sufriron naquela época nin poñer un só euro dos recursos públicos do noso Concello para axudarlle aos salcedenses afectados, pero naquel entón gobernaba a PP e agora governa a esquerda progresista que cada vez nos leva a máis pobreza, a máis desigualdade entre os españois e polo tanto entre os salcedenses e polo tanto vostedes o que fan, unha vez mais, é populismo e oportunismo político. Vostede leu o proxecto? Estou seguro de que vostede nin veu a portada do proxecto pero ven aquí, trae isto e queda super guay diante dos veciños porque vostedes se consideran os mais defensores do medio ambiente, os demais non somos defensores do medio



ambiente nin nos preocupa o medio ambiente pero a vostede si verdade? Vostedes son os mesmos das familias políticas que dicían non as autovías pero ven que circulan por elas agora, verdade? Son os mesmos que dicían non a Ponte de Rande pero ven que cruzan por ela, verdade? Son os mesmo que dicían que se ia a meter un navallazo ao monte no Morrazo, aquela inicial vía rápida e agora magnífica e extraordinaria autovía, os mesmos que agarraban as pancartas e que logo estiveron na inauguración de esa autovía. Claro que a realidade moitas veces é tozuda e lles da a razón a aqueles que intentan aplicar o sentido común aínda que as veces, como todo ser humano, se equivoca. Vostedes eran aqueles que dicían non a Alcoa, vostedes a esquerda e agora piden o rescate con diñeiro público, como cambiou o conto señores da esquerda neste caso de Salceda de Caselas. Aqueles que negaban esas industrias agora, non é que só as neguen senón que queren que se defendan con diñeiro público, moi ben estamos de acordo. Vostedes son o non polo non total que máis da, o de Galicia sempre é secundario porque antepoñen o populismo e o oportunismo político ante a realidade de unha oportunidade histórica como é este proxecto de inversión que ven a nosa terra.

Señores do PSOE, do BNG, é normal a súa posición, xa sabemos onde están, onde estiveron e onde van a estar sempre. Da Agrupación de Movemento Salceda xa sabemos de onde veñen, do BNG onde están, ou onde estiveron nas Mareas, verdade señora Dolores Castiñeira que era a solución magnífica a Galicia e onde poden estar, coidado señores do Partido Socialista, que fagan vostedes, señores do Partido Socialista, seguidismos do nacionalismo do BNG e que se voten nos brazos da Agrupación de Electores de Movemento Salceda xa di moito de vostedes, ou que se tiren e se sometan a todo aquilo que lles din aqueles que foron os seus socios de goberno pois así lles foi, así lles vai e seguro que no futuro non lle irá moito mellor. Vostedes consideran serio traer aquí esta proposta cando estamos no inicio de toda a tramitación dun macro proxecto de inversión, tecnolóxico, de emprego, de riqueza e de oportunidades industriais? Pero non sabemos como serán os resultados finais de todos e de cada un dos informes, documentos ambientais, urbanísticos, acuíferos, de mobilidade, económicos, do territorio, poboacional, de crecemento tanto industrial como empresarial, de autónomos, de pequenas empresas que se poden xerar a redor de ese macro proxecto industria, de PMES, de comercio local, vostedes son conscientes de todo iso? Vostedes xa din non antes de coñecer ningún informe, ningún resultado dos mesmo, xa se antepoñen, antes das eleccións todos estaban de acordo, despois da eleccións e do contundente resultado que os galegos deron nas urnas xa nos esquecemos do serio, do coherente e xa nos tiramos ao monte.

Nós, este grupo maioritario, estamos de acordo con todos os proxectos industriais que poidan vir a Galicia, pero estamos de acordo sexan pequenos, medianos ou grandes, como neste caso, pero non seremos nós os que digamos si cumpren ou non todos e cada un dos requirimentos e das vixentes lexislacións aplicables a cada un de eses proxectos, directrices, certificados, informes, impactos, tramitacións, etc... non seremos nós, serán os funcionarios competentes nestas materias quen respondan ao respecto e sobre todas esas decisións é cando se decidirá si é ou non viable dixo proxecto ou cales queiran que sexan os proxectos que se presenten nas diferentes administracións e aquí tamén, no noso Concello tamén, porque aínda que aos políticos non nos guste un proxecto dun empresario ou dunha iniciativa concreta no noso territorio, no noso Concello, si cumpre con todas as lexislacións vixentes si ou si hai que darlle licenza, nos guste ou non nos guste. Polo tanto unha cousa é que non nos guste e outra cousa é que legalmente e xuridicamente sexa viable e estea amparado polas directrices, e polo tanto reitero que nós non seremos quen estamos capacitados, ningún de nós, para saber si é ou non viable, si cumpre ou non cumpre e polo tanto serán quen teñan as competencias, quen teñan



as capacidades e quen ten a decisión de dicir todo canto estimen oportuno respecto deste proxecto, como digo, serán eles quen digan si é viable, si cumpre ou non cumpre coa lexislación.

Sr. Rodríguez Canosa: Agradecer aos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e ao Grupo Mixto por adherirse a esta declaración institucional. Das palabras de Santi non vou facer referencia porque todos coincidimos no desacertadas que son, e ademais como xurdiu noutros casos non vale dicir que non afecta a Salceda directamente, nin ao final a escusa dos investimentos, a escusa de que vai xerar postos de emprego ou senón que eses postos de emprego se irán a outro lado. Curiosamente os nosos veciños portugueses, moito temos que aprender deles, xa rexeitaron este tipo de factorías e prohibiron a plantación de eucaliptais, penso que dende Movemento Salceda e dende a gran maioría da poboación queremos un rural vivo, un monte con biodiversidade, un monte con oportunidades e non o modelo actual da Xunta de Galicia baseado nun monocultivo de eucalipto que a vistas está que non fai mais desertificar o noso territorio, eliminar a biodiversidade e que ao final a beleza paisaxística dos nosos montes, dende aquí quero expresar o noso ánimo a toda a xente do Ulloa en concreto a Plataforma Ulloa Viva que son os que están loitando dende o comezo para evitar un novo atentado ambiental no noso país.

Sra. Tourón Domínguez: Dicirille ao PP que o Partido Socialista ten criterio propio tanto a nivel Galicia, España como na agrupación de Salceda, sumarémonos naquilo que consideremos bo para a veciñanza e rexeitaremos aquilo que non como vimos facendo sempre. Dicirille a Santi que a empresa vendeu antes das eleccións un proxecto pouco lesivo para o medio ambiente e agora resulta que é unha macro celulosa.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Con respecto a esta iniciativa nos sumamos polo seguinte: as novas que temos é da Deputación de Lugo gobernada polo Partido Socialista que inicialmente apoiaba o proxecto xa que se falaba dunha fábrica de fibra téxtiles para Inditex, co cal se pecharía todo o ciclo de Inditex en Galicia pero resulta que a maior parte do complexo é para unha celulosa, celulosa que deixaría a de Pontevedra raquíca. Falábase inicialmente de 2.500 postos de traballo parece ser que van a ser 500 e parte disto afectaría a 5000 granxas do entorno, catro queixerías de denominación de orixe Arzúa-Ulloa e 82 envasadores de mel de Galicia polo tanto dáme a impresión, ao mellor é demasiado pronto para chegar a conclusións como di Santi, que o diñeiro que entra por un lado pódese perder por outro a parte do perigo que ten a perda de declaración de Patrimonio da Humanidade para o Camiño de Santiago ao pasar por unha zona de altas emisións, polo tanto consideramos oportuno sumarnos a proposta de Movemento Salceda.

Sr. Guerra García: Creo que si ou eucalipto buscara alguén con quen namorar neste país sería o Partido Popular, que nos veñan aquí a dicir primeiro isto non nos interesa, a min persoalmente si que me interesa porque eu nacín perto da Ulloa, e cando se anda por aquela zona xa hoxe doe o corazón ver o infecto que esta de eucaliptos e non lle van chegar, para ese proxecto non lle van chegar o que hai. Que vostede faga referencia, si coñecemos ou non o proxecto eu preguntaría lle o mesmo, está defendendo un proxecto en principio do que supoño que descoñecerá moitas cousas. Eu en principio teño que fiarme a efectos de información do que din determinadas organizacións das que eu son parte e falo de organizacións ecoloxistas, entre outras, a parte da política. Fai vostede unha referencia a que este proxecto fora un pouco apoiado por todos os grupos no Parlamento Galego ata despois das eleccións pero eu non sei si



vostede coñece a declaración que saíu do Parlamento Galego do ano 2021, porque si a coñece e sabe agora as informacións que circulan con respecto deste proxecto unha vez publicado non ten nada que vez unha cousa coa outra indudablemente e tanto non ten nada que ver que daquela estaba unha entidade como Inditex no asunto e neste momento Inditex está descolgada de todo ese proceso, porque non ten nada que ver co que saíu publicado, co se falaba hai dous anos e pico, de facto ten tan pouco que ver que cando se empezou a falar do proxecto houbo alcaldías do BNG que ofreceron terreos e vostede debería saber que era daquela o que se falaba e o que se fala hoxe non ten nada que ver unha cousa con outra.

A min este asunto me lembra a un Conselleiro de industria dos tempos do Sr. Fraga que dicía que el estaba por unha celulosa no norte do país porque ao ritmo que ia o eucalipto el prefería que se montara aquí unha celulosa a que os portugueses montaran outra celulosa alá baixo e nós lle subministráramos materia prima, iso dicía un señor que lle chamaban Juan Fernández que logo montou un grupo de independentes do Ferrol, e aí está para que é un soño del feito realidade ou as súas palabras alguén as pillou para poñer en marcha unha nova celulosa. Si é un proxecto tan bo non sei como ven a este país, os proxectos tan bos non sei como veñen a este país porque estamos escaldados. En todo caso, sobre o tema das autovías mire de aquí para Vigo a forza temos que ir por autovía porque non hai outra estrada, cando fale de autovías mida un pouco, cando menos, xeograficamente onde sitúa as cousas porque en algúns lugares deixou de haber estradas normais para haber exclusivamente autovías.

Nós nunca estivemos en contra do proxecto nin moito menos e si algún día quere algún debate de porqué o nacionalismo estaba en contra de esta autoestrada tal e como foi deseñada buscamos un sitio publico para debater pero o feito de que o BNG se mostrara moitas veces en contra da actual autoestrada e segue posicionándose en contra do espolio que se significa esa autoestrada é en todo caso moitas veces grazas ás razóns que da o Partido Popular cando estende os beneficios das empresas moito mais aló do que realmente debiera ser normal.

Sr. Rodríguez Davila: Vostedes creo que non entenderon ben a miña intervención na parte final, creo que vostedes adiantan, creo que vostedes están xa a defensiva, creo que interpretaron mal as palabras deste portavoz deste Grupo maioritario desta Corporación, si por vostedes foran, señor Salustiano, en Galicia non tería un só proxecto nin unha sola industria, si vostedes din non a todo, eu me refiro a autovía do Morrazo e outras. O monte nunca estivo tan ordenado como agora, e falta moito por facer? Si sen dúbida pero non estivo tan ordenado como agora, pero non aquí, senón en calquera parte e o sabemos todos. Queda moito por facer, sabemos que en zonas só pode haber eucaliptos e noutras non, para iso están os plans director e para iso están todas as normas. Creo que é importante que cada un asuma as súas responsabilidades está ben esixirlle aos demais que cumpran coas súas, que está ben, pero eu tamén podería traer aquí os argumentos de partido e non o trouxen, tamén lle podería facer caso aos argumentos do meu partido pero non lles vamos facer caso e sen embargo o que vamos a aplicar é o sentido común e a coherencia por iso lles reitero que vostedes non entenderon nada do que eu dixen e menos na parte final. Sería bo que vostedes se aplicaran o conto e que vostede Sra. Alcadesa, que é a máxima responsable do Concello, se aplique o conto no medio ambiente no noso Concello, voulle poñer un par de exemplos: o noso Concello non ten a día de hoxe nin un so coche eléctrico, nin híbrido, non temos nin un só posto de recarga para coches eléctricos, temos uns coches municipais vellos que contaminan, placas solares nos edificios públicos cantas temos? Enerxías renovables nos edificios públicas en cantos hai? Xestionase ben os nosos residuos sólidos urbanos? Como están todas e cada unha



das ordenanzas, se aplican, se fan cumprir? O Concello e quen de manter en orden as súas instalacións? Recollida de en enseres, lavadoras, neveras, televisión, fanse acorde as normativas? Así están a día de hoxe as instalación do noso Concello, empezando polo cartel da entrada, empezando polo almacenamento de aceites, bidóns sen ningún tipo de control, empezando polo almacenamento de colchóns e todo tipo de residuos no Torrón, botes de pintura etc... e vostedes que falan da auga, que nos parece moi ben, a día de hoxe segue goteando a fonte que hai no circuíto de bicicletas que hai no Torrón, isto é despilfarrar auga un recurso hídrico que boa falta nos fai. Por iso señores do goberno esta moi ben coidar o medio ambiente e nós queremos coidar o medio ambiente pero aplíquense vostedes a súa responsabilidade. Nós recomendámoslle polo ben dos salcedenses que se centren no que teñen que facer, que cumpran co seu traballo cometido e que fagan o mellor que poidan as súas funcións que as outras administracións seguro que o van a facer polo interese xeral da maioría dos Galegos porque xa sabemos que para algún por moito que se fagan sempre estará mal e dirán que no, polo tanto nós non vamos a dicir que non nin tampouco que si, nós nos vamos a abster porque como digo aplicamos o sentido común.

Sra. Tourón Domínguez: Creo que cando un non ten argumentos para defender un tema que se trae a pleno pois o argumento é quitar aquí as carencias de Salceda para defender un tema totalmente contrario ou totalmente diferente as cuestións que poden carecer Salceda ou que poden realizar mellor ou peor. Creo que cando se trae un tema a pleno se un quere sumarse se suma con argumentos, si un decide non sumarse tamén se fai con argumentos pero sobre esa cuestión eu aquí non escoitei ningunha das cousas boas que ten ese proxecto ou moi pouquiñas, se baseou o portavoz do Partido Popular en dicir do que carece Salceda, creo que hai que se coherentes a abstención iguala ao sentido común depende de cada caso.

Sr. Guerra García: Lembrarlle ao señor Davila que o abandono do monte neste país vai parello ao abandono do mundo rural, si quere preguntarse porqué pregunte a quen leva 40 anos gobernando Santiago, o que pretende o Partido Popular a estas alturas, como sabe a maioría da xente, é entregar o monte a xestión particular que xa sabemos por onde corre iso polo menos iso circula nos borradores da nova Lei de Montes. Pareceume ben que falara de mobilidade eléctrica, a min gustaríame saber o Partido Popular cantas propostas presentou neste pleno para iso, porque o BNG si presentou no 2020, rexistrou unha proposta amplía sobre ese tema sen éxito, si quere un día falamos e traemos aquí unha proposta conxunta porque nos interesa.

Sra. Alcaldesa: Grazas ao Grupo mixto, BNG, e ao PSOE por sumarse a proposta de Movemento Salceda, todo o noso apoio a Plataforma Ulloa Viva e estou segura de que Salceda vai dicir que non a ALTRI e eu creo que a pregunta debera ser non cantos postos de empregos se xeran senón cantos se destrúen, non todo se xustifica con número de empregos creados ai que ir un pouquiño mais aló.

VOTACIÓN: Sometida votación a Declaración institucional esta quedou aprobada por SETE VOTOS A FAVOR (4 MS), (2PSOE) e (1BNG) E SEIS ABSTENCIÓN DO PP.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

